

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A SELECCIÓN DUNHA MUTUA DE ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS

1ª.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do expediente a selección dunha Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social e posterior subscrición dun Convenio de Asociación para a cobertura das continxencias derivadas tanto dos riscos profesionais de accidentes de traballo e enfermidades profesionais coma das derivadas de continxencias comúns do persoal ao servizo do Concello de Lugo.

2ª.- PREZO DO SERVIZO

O prezo máximo para a prestación do servizo é o establecido para a cotización deste tipo de continxencias dacordo coa disposición dinal decimoterceira da Lei 2/2008 de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado. Os custos dos servizos e das actividades que integran convenio de asociación pagaranse de forma directa á Seguridade Social por medio de cotas correspondentes e esta farao á mutua seleccionada o aboamento que legalmente proceda.

3ª.- DURACION DO CONTRATO

O prazo do convenio será de dous anos, prorrogábelas tácitamente por dous anos mais, excepto denuncia de calquera das partes formulada cun mes de antelación á data do seu vencimento.

4ª.- OBRIGAS DA MUTUA

Cumprir coas obrigas que, como entidade colaboradora na xestión de accidentes de traballo e seguridade social prevé o Real Decreto Lexislativo 1/1994, o Real Decreto 1993/95 regulador da colaboración das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais, o Real Decreto 250/1997 do 21 de febreiro, que modifica parcialmente o anterior, e demais disposicións de aplicación.

Substituír o asociado en todas as obrigas derivadas da cobertura que traian causa de E.C., A.T. e E.P. que a continuación se detallan:

Prestar a asistencia médica, farmacéutica e rehabilitadora aos traballadores accidentados ou afectados polo proceso de enfermidade profesional, nos termos e amplitude que prevén os artigos. 115 e 116 do R.D. Leg. 1/1994.

Aboar o subsidio por IT durante o período que permaneza a situación de baixa, para a cobertura de E.C., A.T. e E.P., nas condicións que legalmente procedan. Aboar o traballador afectado, na cuantía que proceda, con lesións indemnizables por:

- Lesións permanentes non invalidantes
- Invalidez permanente en grao de parcial

A indemnización que lle recoñeza o INSS ou no seu caso os tribunais do Social Ingresar na TXSS os importes que para os efectos de capitalización fosen procedentes para xerar a pensión que teña dereito a percibir o traballador de serlle recoñecida unha invalidez indemnizable en forma de renda vitalicia.

Aboar aos beneficiarios de prestacións, derivadas das situacións de morte e supervivencia, as cantidades a alzada que a lexislación sobre seguridade social poida establecer en cada momento.

Ingresar en la Tesorería General de la Seguridad Social os importes que para os efectos de capitalización fosen procedentes para xerar as previsións polas situacións de morte e supervivencia, aos beneficiarios das mesmas e debidas a A.T.

Anticipar as prestacións correspondentes ao traballador ou aos seus familiares declarados beneficiarios, con posterior dereito de repetición, nos supostos de falta de afiliación, altas, baixas e cotización.

Entregar ao asociado, no prazo de dez días dende a notificación da denuncia do Documento de Asociación, a certificación acreditativa do ese como asociado e da data de efectos do referido cesamento.

Devolver ao asociado o importe que en concepto de garantía depositase en la Mutua ao subscribir o Documento de Asociación de conformidade co Artigo 64 do R.D. 1993/95.

Cando sexa precisa a hospitalización do traballador ou traballadores, esta levarase a efecto nos centros hospitalarios ou asistenciais de que dispoña la Mutua se estes reunisen as condicións esixibles en razón á asistencia que precisen. Se se producen accidentes en lugares onde la Mutua non dispoña de centro ou este non é adecuado, o accidentado poderá ser atendido no máis próximo que reuna as necesidades hospitalarias que precise.

Se o traballador fóra atendido baseándose no anteriormente exposto, en centros hospitalarios distintos aos do seu lugar de residencia, en situacións de desprazamentos por traballo, unha vez que periodicamente sexa aconsellable e

posible, será trasladado a un centro hospitalario do seu lugar de residencia, se o houbese

CRITERIOS BASE PARA A SELECCIÓN

A Comisión de Valoración seleccionará as proposicións presentadas baseándose nos seguintes criterios:

-Rede de Centros asistenciais propios e concertados en exclusividade da Mutua en cuestión na provincia de Lugo, coas especialidades e servizos que comprenden para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras.

Valorarase neste caso a proximidade dos centros asistenciais propios e concertados en exclusividade á localidade de Lugo, así como as especialidades no centro na localidade.

As ofertas presentadas valoraranse, por este criterio, de 0 a 3 puntos.

-Rede de Centros Hospitalarios propios de la Mutua en cuestión, coas especialidades e servizos que comprenden para a cobertura das asistenciais médicas, sanitarias, recuperadoras e rehabilitadoras.

Valorarase neste caso a proximidade dos centros hospitalarios propios á localidade de Lugo.

As ofertas presentadas valoraranse, por este criterio, de 0 a 3 puntos.

-Características na prestación por incapacidade temporal por continxencias comúns (ata 1 punto):

Xestión das prestacións por incapacidade temporal por continxencias comúns (ata 0,5 puntos)

Xestión e comunicación dos datos a nivel informático e de forma áxil de forma que poida consultarse pola empresa que contrata o seguinte: duración das baixas, duración considerada do ás baixas, índices de absentismo, ... (ata 0,5 puntos)

-Asistencia 24 horas en servizos de urxencias (ata 1 punto)

-Actividades de promoción da saúde dos traballadores (ata 1 punto)

-Readaptación Profesional a cargo de o a Mutua en caso de accidentes graves. Cursos para traballadores minusválidos (ata 1 puntos).

